



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Betanzos
Data: 11/03/26 08:00:00

Exposición: 12/03/26 00:00:00 a 13/04/26 23:59:59

Anuncio
URBANISMO
Solicitud General a nombre de ASOC PROV EMPRES HOSTELERIA A CORUÑA. Solicita: AMPLIACIÓN DE HORARIO
Información:
EXP: 2026/G003/000430 DECRETO: Concesión de Ampliación de Horario dos locais de hostalaría durante a celebración das festas de SEMANA SANTA 2026, a noite do sábado 4 de abril de 2026 ao domingo 5 de abril de 2026 (Expte.2026/X998/000061). EXPEDIENTE: 2026/G003/000430 Don Diego Fernández López, Concelleiro delegado de urbanismo do Concello de Betanzos, en uso das súas atribucións legalmente conferidas. Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente: ANTECEDENTES PRIMEIRO. Visto o escrito presentado por Hector Cañete del Campo en representación da Asociación Prov Empresarios Hostelería A Coruña de data 19/02/2026, rexistro de entrada nº 202699900000855 na cal solicita: “AMPLIACIÓN DE HORARIO PARA LOS DÍAS DEL 27 DE MARZO DE 2026 AL 05 DE ABRIL DE 2026 (AMBOS INCLUSIVE) POR SEMANA SANTA.” SEGUNDO. O concello pretende dar resposta as demandas da veciñanza en aplicación do disposto no artigo 17 da Lei 10/2007 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia en relación coa ORDE de 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Betanzos

Data: 11/03/26 08:00:00

Exposición: 12/03/26 00:00:00 a 13/04/26 23:59:59

TERCEIRO. Neste Concello recibíronse numerosas e reiteradas queixas veciñais na zona de lecer polos numerosos días que se permitiu ampliar o horario e existen varias denuncias por incumprimento de horarios de peche, tanto da Guardia Civil como da Policía Local o que está afectando de forma considerable ao descanso da veciñanza afectada.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 10/2007 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia en relación coa
- A Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Modificacións de horarios

De acordo con o artigo 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os horarios xerais poderán ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 da Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas orde.



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Betanzos

Data: 11/03/26 08:00:00

Exposición: 12/03/26 00:00:00 a 13/04/26 23:59:59

SEGUNDA. Corresponderá aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Ao amparo do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Betanzos

Data: 11/03/26 08:00:00

Exposición: 12/03/26 00:00:00 a 13/04/26 23:59:59

Ao abeiro da atribución concedida á Alcaldía segundo o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Resolvo:

PRIMEIRO.- CONCEDER a ampliación en 2 horas do horario de peche ordinario dos establecementos do termo municipal de Betanzos abertos ao público así como a finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas durante a noite do sábado 4 de abril de 2026 ao domingo 5 de abril de 2026 con motivo das festas de SEMANA SANTA 2026.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Betanzos, na data que figura na marxe

O Delegado de urbanismo O secretario

(Decreto nº 1162/2023 do 20/06/2023) (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)

Diego Fernández López Adrián J. Márquez Caramés